



MARCO NORMATIVO

I. MARCO NORMATIVO

A promoción da igualdade entre mulleres e homes debe ser un principio básico, xa que constitúe un valor fundamental que é motor para o crecemento económico, a prosperidade e a competitividade.

Ademais, a igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal e así aparece recollido en numerosos textos normativos :

A Constitución Española, que é o maior referente xurídico estatal, recolle no seu artigo 14 que a poboación española é igual ante a lei “sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

E o artigo 9.2 sinala que son os poderes públicos os que deben “promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos nos que se integren sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social”

Pola súa banda, o Tratado da Comunidade Europea (TCE), recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero:

“ A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)”. Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

En decembro de 2015, a Comisión Europea aprobou o Compromiso Estratégico para a igualdade entre mulleres e homes 2016-2019, centrando as políticas ao respecto nas seguintes áreas prioritarias:

- Aumento da participación das mulleres no mercado laboral e promoción da igual independencia de mulleres e homes.
- Reducir as disparidades entre sexos existentes nas retribucións, os ingresos e as pensións, para así combater a pobreza entre as mulleres.
- Promover a igualdade entre mulleres e homes na toma de decisións.
- Combater a violencia sexista e protexer e apoiar ás vítimas.

- Promover a igualdade entre mulleres e homes e os dereitos das mulleres en todo o mundo.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes constitúe o marco normativo nacional para promover o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e fai referencia ao carácter transversal que debe ter a incorporación da igualdade na totalidade das políticas públicas no conxunto do Estado

Artigo 15. Transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes. O principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes informará, con carácter transversal, a actuación de todos os Poderes Públicos. As administracións públicas deben integralo, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e orzamentación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades.

No ámbito autonómico, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións normativas da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, recolle tamén este principio transversal da igualdade de oportunidades no seu artigo 5:

Artigo 5. Significado da transversalidade e criterios de actuación. Coa dobre finalidade de promover a Igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da Igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

Por outra banda, segundo o disposto no artigo 7 do dito Decreto legislativo, “Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso”.

Este precepto establece a obrigatoriedade da análise previa ao debate parlamentario de calquera iniciativa legislativa que leve a cabo o goberno galego, de forma que se valore o impacto que, por razón de xénero, poidan ter as medidas que se establezan nela.

A Secretaría Xeral da Igualdade, é a competente para emitir dito informe sobre o impacto de xénero como órgano superior da Comunidade Autónoma con competencias en materia de igualdade.